

A BARCA DE FERROL E O MORIBUNDO RÍO CABE

Anxo Moure

¡Aquela barca nacera dunha árbore, carballo, cereira, castiñeiro...., que tal vez os antigos abrazaban. Domárana carpinteiros e ceibáranla no mar, aínda latexaba o corazón do bosque de popa a proa. Era feliz nas ondas do mar de Artabria, ollando para o horizonte, mecéndose nas mareas vivas, peiteándose co nordés, non quería máis.

Un día dixéronlle -imos ao río-, -¿qué é iso de río?-, preguntouelle aos cormoráns; algún que outro sabía del, auga doce, mansa, cativa, sen horizonte. Non gostou moito, achábase gozosa entre as ondas, non quería viaxar, mais tivo que partir.

Cruzou camiños vellos enriba dun estrano carro e ceibárona no río. As primeiras horas, fachendosa, nen quixo mirar para el, só agardaba que rematara axiña aquela historia para voltar ao mar. Pasado o tempo, entre viaxe e viaxe, descubriu debuxados os arcos dunha ponte vella que conformaban os ollos daquel cauce; miraban unha e outra vez para ela, non a deixaban de observar. Ela ficaba de tal xeito desacougada por aquel ollar estrano, feble, devécendose, que quixo preguntar; el non soubo falar. Unha tras outras sucedérónse as viaxes até que cando o sol caía escouitou, co son da auga batendo nas penedas a historia daquel río.

Chamábase Cabe, era un río enfermo, moribundo, ferido, como de puñaladas, polo lixo e os vertidos cravándose no leito, morrendo a cada pouco. Ela escomenzou a debuxar o corpo do río, acariñába-o coa súa pel de árbore e el agradecía. Foron ducias de paseos, foron centos de conversas, ate que ela afundiu a proa para bicalo docemente, ficou de tal xeito namorada que o seu reflexo habitou nos ollos do río, mais el seguía morrendo.

Falou con barcas e barqueiros, debuxou o seu nome, pediu axuda para aquel río moribundo. Cada unha das barcas recolleu sacas inzadas de lixo, de latas, botellas, pequenos e grandes vertidos, o río respirou como xa case non lembraba debuxando un sorriso de neno-río entre aplausos de cativos. E chegou a noite, durmiron barca e río espidos, xuntos, amándose e falando en lúa minguante.

Ao seguinte día chamárona para retirala da auga naquel estrano carro, queríase despedir mentras o río choraba, -non te vayas, sen ti non son nada-, -ámote- contestou a barca. Nunca se viu tal, a barca

de Ferrol a piques de saír da auga, mentres tiraban por ela homes fortes, rebelouse endiañada contra deles voltando cara o río, por ficar sempre con el.

Foi necesario chamar a policía, que sempre aparece nestes casos, conqueriu arrincala, el pediuelle só un derradeiro desexo, que gardara o son do seu corazón e bebera as súas bágoas, foron pingando no camiño, choraba a barca o pranto do río cando chegou ao mar.

Voltou navegar entre as ondas, ollar o horizonte, mecerse co vento e falar coas gaivotas, pero non deixaba de pensar, de pechar os ollos para escouitar o corazón do Cabe, sentía tal desacougo que as súas madeiras como se foran de resina nova choraban entre o mar e a todos preguntaba polo río. Foi pensando no tempo ata que trabou acordo cos cormoráns. Pediulle ao sol que a queimase, ao vento que a ceibase, ao mar que a escachase, e así foi. No verán queimouna o sol, ceibouna o vento no outono e no inverno as ondas escachárona contra unhas rochas, ficou feita astillas e tal como acordara cos paxaros mariños, eles encentaron viaxe.

Un día de primavera o ceo de Monforte tinguiuse de loito, centos de cormoráns cubríano, nos seus peteiros viaxaban as madeiras astilladas, deixáronas caer no río tal como Ilo pedira. A barca de Ferrol morrendo por fin e para sempre no Cabe.

Contan os que saben de ríos que todas aquelas madeiras méçense no berce do río, contan os que saben de amores que o río fala con elas un e outro día, contan os que saben de vida que xa son un só, río e barca, contan os que saben de esperanzas que dende aquelas a auga penéirase nas madeiras e pídeille ás xentes que non tiren mais lixo no río, por coídar aquel querer, contan que os soñadores sentándose nas beiras escoítanlle ao río esta pequena (ou grande) historia de amor mentras bica e abraza as madeiras daquela barca de Ferrol.

